CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Mª LORETO LÓPEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA

CERTIFICO: Que o pleno do Concello de Malpica de Bergantiños, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de maio de 2026, adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

ÚNICO. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR-UNIDADE DE ACTUACIÓN, NÚM. 8, CONFORME Á DOCUMENTACIÓN DENOMINADA/TITULADA *"PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR U.A. Nº 8 CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA"*.

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria, celebrada o 15/12/2025, adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

*"**Visto** que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 22/05/2020, aprobou inicialmente o "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR- UNIDAD ACTUACIÓN Nº 8 - CONCELLO DE MALPICA" sendo a parte resolutiva do citado acordo a que segue, cita literal:*

*"**Primeiro**.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Reforma Interior da UA-8.*

***Segundo.-** Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anuncialo, ademais, no periódico La Voz de Galicia, edición Bergantiños. Durante dito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados no taboleiro da sede electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños, https://sede.malpicadebergantinos.es/opencms/es/informacion/*

***Terceiro.** Suspender o outorgamento das licenzas na áreas afectada pola aprobación do Plan Especial. Esta suspensión se publicará conxuntamente coa aprobación inicial.*

***Cuarto.** Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

***Quinto.** Solicitar ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe aos efectos regulados na Lexislación sectorial. Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable".*

***Visto** que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 03/10/2025, acordou a "Reiteración/repetición" do trámite de información pública (trámite preceptivo tras a aprobación inicial), sendo este do seguinte tenor literal:*

*"**EXPEDIENTE: 2018/X999/000763***

Con data 22/05/2020, segundo consta na acta estendida ao efecto, a Xunta de Goberno Local adoptou entre outros o seguintes acordo que a continuación se transcribe en extracto (parte resolutiva):

*"**Primeiro**.- Aprobar inicialmente o Plan Especial de Reforma Interior da UA-8.*

***Segundo.-** Abrir un período de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e anuncialo, ademais, no periódico La Voz de Galicia, edición Bergantiños. Durante dito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo ou obter copias para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados no taboleiro da sede electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños, https://sede.malpicadebergantinos.es/opencms/es/informacion/*

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público)

CVD: /Lhs9J+ZaZPwbjh61hpV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Terceiro. *Suspender o outorgamento das licenzas na áreas afectada pola aprobación do Plan Especial. Esta suspensión se publicará conxuntamente coa aprobación inicial.*

Cuarto. *Notificar individualmente o trámite de información pública a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.*

Quinto. *Solicitar ás Administracións afectadas pola súa competencia sectorial para que emitan o correspondente informe aos efectos regulados na Lexislación sectorial. Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable".*

Con data 17/07/2020 procédese á publicación do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia, núm. 142.

Así mesmo, de conformidade co acordado, se procedeu a "notificar" e/ou "dar traslado" do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local a Álvarez Conchado e Hijos, S.A. e a solicitar os correspondentes informes sectoriais.

O procedemento para a aprobación do referido Plan Especial viña establecido na data de adopción do acordo, 22/05/2020, e polo que aquí interesa, no art. 75 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LS) e no art. 186 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLS). Así, os citados artigos dicían:

"Artigo 75. Procedemento de aprobación dos plans parciais e plans especiais.

1. A tramitación dos plans parciais e plans especiais axustarase ao seguinte procedemento:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no "Diario Oficial de Galicia" e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable.

.../"

"Artigo 186 Procedemento de aprobación dos plans parciais e plans especiais

1. A tramitación dos plans parciais e plans especiais axustarase ao seguinte procedemento:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (artigo 75.1.a) da LSG).

A Administración municipal deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente.

Respecto dos informes sectoriais aos que se fai referencia neste punto e no punto seguinte, no anexo II recóllese unha listaxe dos devanditos informes e do momento no que deberá solicitarse cada un deles, #de acordo con a normativa sectorial correspondente.

.../"

Visto que examinado o expediente constátase que non se ten procedido á publicación do preceptivo anuncio no xornal La Voz de Galicia, tal que e como se acordou pola Xunta de Goberno Local, ou en calquera outro xornal dos de maior difusión da provincia, aos efectos de dar cumprimento aos artigos antes transcritos.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público)

CVD: /Lhs9J+ZaZPwbjh61hpV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Considerando que debe procederse á subsanación do referido trámite/vicio do procedemento.

Considerando que, non obstante, o sinalado no parágrafo anterior, se teñen realizado trámites con posterioridade ao referido acordo da Xunta de Goberno Local e a terse incorrido no vicio do procedemento (omisión do anuncio nun dos xornais de maior difusión da provincia), trámites estes que deben e poden ser conservados, ao amparo do art. 51 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tales como, a título meramente enunciativo, os informes sectoriais emitidos e as novas achegas de documentación ao expediente pola promotora do plan.

Visto que os artigos antes transcritos da LS e RLS seguen vixentes ao día data sen que teña producido variación algunha respecto aos trámites que aquí interesa e inmediatamente posteriores á aprobación inicial.

Considerando, pois, que para continuar a tramitación do procedemento debe procederse á subsanación do vicio padecido e debe e pode darse resposta aos informes sectoriais emitidos pola Axencia Galega de Infraestruturas e Augas de Galicia.

E polo que, á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local, en uso das competencias delegadas pola Alcaldía, en virtude da Resolución núm. 400/2023, de data 04/07/2023,

ACORDA:

***Primeiro**: "Reiterar/repetir" o preceptivo trámite de información pública posterior á aprobación inicial do "Plan Especial de Reforma Interior U.A. núm. 8" sometendo o expediente e a documentación integrante do instrumento de planeamento a información pública, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia, polo prazo dous meses a contar desde o último anuncio, coa finalidade de quen o desexe poida examinalo e deducir durante o citado prazo cantas alegacións ou observacións considere oportunas.*

Durante o período de información pública, o dereito de información e acceso se poderá exercer e quedará garantido mediante consulta do expediente nas Oficinas Xerais do Concello, sitas na Casa do Concello, Avd. Emilio González López, núm. 1, de luns a venres, en horario de 9:00 a 14:00 horas, e o emprego de procedementos telemáticos, art. 87 da LS e art. 206 do RLS.

Respecto ao procedemento telemáticos a súa identificación e modo de acceso farase constar expresamente nos correspondentes anuncios que se publiquen no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia de sometemento do expediente a información pública.

***Segundo**: Notificar o presente acordo a Álvarez Conchado, S.A., con CIF A15200520, na súa condición de propietaria dos terreos afectados (titular catastral) e promotora do plan, aos efectos de dar cumprimento ao preceptuado polo art. 75 da LS e art. 186 do RLS, así como do art. 53.1 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

***Terceiro**: Solicitar novo informe á Axencia Galega de Infraestruturas e a Augas de Galicia e, no seu caso, calquera outro informe sectorial que resulte preceptivo neste momento procedimental, procedendo á remisión aos citados organismos do documento do instrumento de planeamento presentado pola promotora (representante) en data 21/12/2020, RXE núm. 202099900001070".*

***Visto** o acordo da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático polo que se resolve prorrogar a vixencia do informe ambiental estratéxico relativo ao "Plan especial de reforma interior da unidade de actuación UA-8" (RXE núm. 202490000000171, do 25/03/2024), no que se di, cita literal da parte resolutiva:*

"Prorrogar por un prazo máximo de dous anos a vixencia do informe ambiental estratéxico relativo ao "Plan especial de reforma interior da unidade de actuación UA-8", no concello de Malpica de Bergantiños. Este prazo empezará a contar o 19 de maio de 2024.

No caso de que perda vixencia o informe ambiental estratéxico polo transcurso da prórroga, o promotor deberá iniciar novamente a avaliación ambiental estratéxica (artigo 35.2, letra c, da Lei

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público)

CVD: /Lhs9J+ZaZPwbjh61hpV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

9/2021, do 25 de febreiro)".

Vistos *os distintos informes sectoriais solicitados e emitidos, especialmente, o/s de Augas de Galicia, o/s da Axencia Galega de Infraestruturas e o da Secretaría General de Telecomunicaciones, Infraestructuras Digitales y Seguridad Digital.*

Visto *que pola promotora do plan, ÁLVAREZ CONCHADO E HIJOS, S.A, a través do seu representante, o dia 08/10/2025, RXE núm. 202599900001281, preséntase, para que se proceda a súa aprobación provisional, a documentación do plan especial de reforma interior, denominada "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR UNIDAD DE ACTUACIÓN. Nº 8- CONCELLO DE MALPICA- DOCUMENTO APROBACIÓN PROVISIONAL", asinada en outubro de 2025 (08/10/2025).*

Considerando *que o plan se axusta ao preceptuado pola normativa aplicable, fundamentalmente aos arts. 65, 66, 70 e 72 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LS); aos arts. 157 a 160, 177, 178, 180, 181 e 184 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLS).*

Considerando *que desde aquela aprobación inicial na tramitación do expediente se ten seguido o procedemento esixido pola normativa aplicable, urbanística e sectorial, fundamentalmente os arts. 74 e 75 da LS; e o art. 185 e seguintes do RLS.*

Vistos *os informes emitidos que obran no expediente, os preceptivos esixidos pola normativa aplicable (LS, RLS e normativa de réxime local).*

É polo que, á vista do exposto, de conformidade co establecido no art. 75.1 e) da LS, no art. 186.1 e) do RLS e en uso das competencias delegadas neste órgano pola Resolución de Alcaldía núm. 400/2023, do 04/07/2023, correspondentes "A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídos expresamente ao pleno", a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

Primeiro*: Aprobar provisionalmente o Plan Especial de Reforma Interior- Unidad de Actuación, núm. 8, conforme á documentación denominada "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR- UNIDAD DE ACTUACIÓN. Nº 8- CONCELLO DE MALPICA- DOCUMENTO APROBACIÓN PROVISIONAL", asinada 08/10/2025, redactada por ARQYUR S.C. (equipo de redactor, os/as arquitectos/as D. Alfredo Garrote Pazos e Dª. Mónica Mesejo Conde, colexiados núm. 1440 e 1475 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, COAG) e presentada o día 08/10/2025 (RXE núm. 202599900001281).*

Segundo*: Solicitar o informe preceptivo e vinculante do órgano competente en materia de urbanismo, sometendo o plan e o expediente completo debidamente dilixenciado ao citado órgano, en cumprimento do preceptuado polo art. 75.1, letra e) da LS e art. 186.1, letra e) do RLS.*

Terceiro: *Dar traslado do presente á promotora, Álvarez Conchado, S.A., con CIF A15200520, por medio do seu representante".*

Visto o informe previo á aprobación definitiva da Dirección Xeral de Urbanismo (RXE núm. 202690000000301, do 23/03/2026), informe favorable, o cal di, cita en extracto:

"…/

e) Os plans especiais de reforma interior desenvolvidos en solo urbano non consolidado han conter as determinacións e a documentación propias dun plan parcial (art. 72 LSG). Neste senso, obsérvase o seguinte ao respecto das determinacións contidas no artigo 68 da LSG:

- Considerando a tramitación por plan especial e o seu carácter maioritario, o uso global do polígono será o residencial, tendo os restantes usos, en todo caso, o carácter de usos pormenorizados, polo que deberá modificarse a redacción dos artigos 15 a 32 da

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público)

CVD: /Lhs9J+ZaZPwbjh61hpV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

normativa urbanística debendo axustarse ás definicións de usos establecidas no apartado 2 do Anexo I do Regulamento da Lei do solo.

f) O documento obxecto de aprobación definitiva, en formato dixital tanto editable como non editable, contará coa estrutura de carpetas e arquivos que establecen as Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 10/10/2019, modificada por Orde de 08/04/2022). Ao respecto cómpre achegar os datos xeográficos do documento en soporte vectorial xeorrefernciado.

Á vista do que antecede, infórmase favorablemente o Plan especial de reforma interior da UA-8 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais de Malpica de Bergantiños, coas condicións sinaladas no apartado III. e) e f) deste informe".

Visto que pola promotora do plan, ÁLVAREZ CONCHADO E HIJOS, S.A, a través do seu representante, o dia 29/04/2026, RXE núm. 202699900000563, preséntase, para que se proceda a súa aprobación definitiva, a documentación do plan especial de reforma interior, denominada/titulada "PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR U.A. Nº 8 CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA", asinada en marzo e abril de 2026.

Considerando que o plan se axusta ao preceptuado pola normativa aplicable, fundamentalmente aos arts. 65, 66, 70 e 72 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LS); aos arts. 157 a 160, 177, 178, 180, 181 e 184 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, RLS).

Considerando que na tramitación do expediente se ten seguido o procedemento esixido pola normativa aplicable, urbanística e sectorial, fundamentalmente os arts. 74 e 75 da LS; e o art. 185 e seguintes do RLS (vid. supra).

Vistos os informes emitidos que obran no expediente, os preceptivos esixidos pola normativa aplicable (LS, RLS e normativa de réxime local), con carácter previo á aprobación definitiva.

É polo que, á vista do exposto, de conformidade co establecido no art. 75 da LS (apartado 1, letra f, e apartado 4); no art. 186 do RLS (apartado 1, letra f, e apartado 4), e do art. 22.2, letra c), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, se propón ao pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro: Aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior- Unidad de Actuación, núm. 8, conforme á documentación denominada/titulada "*PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR U.A. Nº 8 CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA*", asinada en marzo e abril de 2026, redactada por ARQYUR S.C. (equipo de redactor, os/as arquitectos/as D. Alfredo Garrote Pazos e Dª. Mónica Mesejo Conde, colexiados núm. 1440 e 1475 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, COAG) e presentada o día 29/04/2026 (RXE núm. 202699900000563).

Segundo: De conformidade co preceptuado pola LS e polo RLS, publicar o presente acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, axustándose o mesmo no contido e forma ao esixido polas citadas normas.

Terceiro: De conformidade co preceptuado pola LS e polo RLS, proceder á inscrición do plan no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público)

CVD: /Lhs9J+ZaZPwbjh61hpV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/

CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Cuarto: De conformidade co preceptuado pola LS, polo RLS e pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, proceder á publicación da normativa e ordenanzas do plan no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto: Notificar o presente, na súa condición de promotora e titular catastral dos terreos afectados, a ÁLVAREZ CONCHADO E HIJOS, S.A, con CIF A15200520, por medio do seu representante.

E para que así conste, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente e en cumprimento do establecido no art. 206 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, advirto que a acta que o contén non foi aprobada a día de hoxe, facéndose a certificación a reserva dos termos que resulten da aprobación da mesma, en Malpica de Bergantiños asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Vº e Prace, **A secretaria,**

O alcalde,

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga **Asd.: Mª Loreto López Fernández**

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no https://sede.malpicadebergantinos.es (Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.2 b) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Rexime Xurídico do Sector Público)

CVD: /Lhs9J+ZaZPwbjh61hpV Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.malpicadebergantinos.es/